

**ORDE do 29 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras do programa Galicia Suma Talento: Emprégate, de incentivos á contratación na empresa ordinaria, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026. Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. DOG N° 27 (10/02/2026)**

## Obxecto

Esta orde ten por obxecto fixar as bases reguladoras e convocar para o ano 2026 as axudas que favorezan a contratación de persoas desempregadas na empresa ordinaria e en entidades sen ánimo de lucro, especialmente daquelas que teñen maiores dificultades de inserción laboral.

A orde regula o programa Galicia Suma Talento: Emprégate de incentivos á contratación por conta allea dos colectivos vulnerables recollidos no artigo 24.1.a), a través dunha liña de incentivos á contratación por conta allea cuxas particularidades se recollen nesta orde, e que inclúe cinco modalidades de axudas:

- 1) Incentivos á contratación indefinida inicial de persoas desempregadas.
- 2) Incentivos ao incremento de xornada das contratacións indefinidas, de tempo parcial a tempo completo.
- 3) Incentivos ao incremento da duración anual dos contratos fixos-descontinuos a un mínimo de 9 meses.
- 4) Axudas para a adaptación de postos de traballo de persoas con discapacidade.
- 5) Transformación en indefinidos dos contratos formativos subvencionados con cargo ao Programa de primeira experiencia profesional (TR353C).

A concesión das subvencións realizarase en réxime de **concorrenza non competitiva**.

O código de procedemento é o **TR342C**

## Persoas beneficiarias

**Persoas empregadoras e empresas**, incluídas as persoas **autónomas**, sociedades civís e comunidades de bens que contraten persoas traballadoras por conta allea para prestar servizos en centros de traballo na CCAA de Galicia.

### 1) CONTRATACIÓN INDEFINIDA INICIAL DE PERSOAS DESEMPREGADAS

## Accións subvencionables

**Incentivos á contratación indefinida inicial de persoas desempregadas.**

- A contratación realizarase no período 1 de outubro de 2025 ata 30 de setembro de 2026 (ambas datas incluídas)
- A contratación terá lugar con anterioridade ou no mesmo día da solicitude de axuda.
- O número máximo de contratos subvencionables por entidade beneficiaria é de cinco.

- Os contratos deberán ser de duración indefinida e a tempo completo. Exclúense os contratos fixos-descontinuos. No caso de persoas desempregadas con discapacidade ou risco de exclusión social, poderá ser a tempo completo ou a tempo parcial (mínimo 50%).

## Contía das axudas

### Contía base:

Colectivo	Importe
a) Persoa moza	6.000 €
b) Muller vítima de violencia de xénero, vítima de trata de seres humanos	10.000 €
c) Muller con fillos ou fillas menores de 3 anos desempregada de longa duración ou inactiva nos últimos 3 anos	10.000 €
d) Muller con ocupacións masculinizadas	10.000 €
e) Persoa desempregada de longa duración	6.000 €
f) Persoa de 52 anos ou máis	6.000 €
g) Persoa emigrante retornada ou persoa extranxeira	6.000 €
h) Persoa con discapacidade ou en risco/situación de exclusión social	10.0
i) Persoa desempregada que nos últimos 2 anos superara a formación conducente dun certificado profesional (TR301K), dos obradoiros de emprego (TR335A), programa integrado de emprego (TR332A), Programa de primeira experiencia profesional (TR353C)	10.000 €

### Incrementos acumulables entre sí:

- Centro de traballo ou domicilio fiscal en concello rural: +15 %
- Maior de 45 anos: +15 % (non compatible co colectivo f das contías base)
- Persoa trans: + 15 %
- Muller: +15 % (non compatible cos colectivos b, c, d das contías base)
- Persoa que superase os estudos vinculados ás bolsas de excelencia para a mocidade do exterior (BEME) nos 2 anos anteriores: + 25%

**Axuda máxima: 17.000 €**

## 2) INCREMENTO DE XORNADA CONTRATACIÓN INDEFINIDA

### Accións subvencionables

#### Incrementos de xornada das contratacións indefinidas de tempo parcial a completo.

- O incremento da xornada realizarase no período 1 de outubro de 2025 ata 30 de setembro de 2026 (ambas datas incluídas)

- O incremento de xornada terá lugar con anterioridade ou no mesmo día da solicitude de axuda.
- O incremento de xornada será subvencionable cando acade o 100% da xornada ordinaria ou da establecida no convenio colectivo de aplicación.

### Contía das axudas

A contía da axuda para o incremento de xornada das contratacións indefinidas (de xornada parcial a completa) será de **2.000 €**. Se o contrato se realiza con persoas con discapacidade, o incentivo será de **3.000 €**

## 3) INCREMENTO DURACIÓN ANUAL CONTRATOS FIXOS-DESCONTINUOS

### Accións subvencionables

#### Incremento da duración anual dos contratos fixos discontinuos

- O incremento da duración realizarase no período 1 de outubro de 2025 ata 30 de setembro de 2026 (ambas datas incluídas)
- O incremento da duración do contrato terá lugar con anterioridade ou no mesmo día da solicitude de axuda.
- O incremento da duración anual dos contratos fixos discontinuos a un mínimo de 9 meses e a xornada completa. O incremento deberá ser de polo menos o 50% sobre a duración inicial do contrato que se incrementa. Os contratos realizados con persoas con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social poderán ser a tempo completo ou a tempo parcial.

### Contía das axudas

A contía da axuda para o incremento da duración anual dos contratos fixos-discontinuos a un mínimo de 9 meses e a xornada completa será de **4.000 €**.

## 4) ADAPTACIÓN POSTOS DE TRABAJO

### Accións subvencionables

#### Adaptación dos postos de traballo

- No caso de axudas para a adaptación de postos de traballo, o gasto deberá estar realizado na data de presentación da solicitude da axuda..
- Adaptación dos postos de traballo ou pola dotación de equipamentos de protección persoal necesarios para evitar accidentes laborais á persoa traballadora con discapacidade contratada, ou por eliminar barreiras ou obstáculos que impidan ou dificulten o traballo das persoas traballadoras con discapacidade cuxo contrato se subvenciona ao abeiro desta orde. A necesidade da adaptación ou dos medios especiais de protección persoal deberá contar cunha memoria da empresa en que se acredite a necesidade da adaptación ou dotación de equipamentos antes citada, así

como os gastos realizados, conforme o modelo que consta na sede electrónica da Xunta de Galicia.

## Contía das axudas

A contía da axuda para a adaptación dos postos de traballo ou pola dotación de equipamentos de protección persoal será de **1.000 €**.

## 5) TRANSFORMACIÓN CONTRATOS FORMATIVOS

### Accións subvencionables

#### Transformación contratos formativos.

A transformación de contratos formativos subvencionados con cargo ao programa de primeira experiencia profesional (TR353C), nos 2 anos previos á publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, en contratos indefinidos.

## Contía das axudas

A contía da axuda para a transformación de contratos formativos subvencionados con cargo ao programa de primeira experiencia profesional (TR353C) será de **1.000 €**.

## Exclusións

Exclúense dos beneficios desta orde:

- As relacións laborais de carácter especial (art. 2.1 RDL 2/2015)
- Contratacións de traballadores para prestar servizos noutras empresas mediante contratos de posta á disposición.
- Contratos de traballo realizados co cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes ata 2º grao de consanguinidade ou afinidade co empresario ou persoas con cargos de dirección ou membros do órgano de administración. Non será aplicable esta exclusión cando a persoa empregadora sexa unha persoa traballadora autónoma que contrate como persoa traballadora por conta allea os fillos e fillas menores de 30 anos, tanto se conviven ou non con el ou cando se trate dunha persoa traballadora autónoma sen persoas asalariadas, e contrate un só familiar menor de 45 anos que non conviva no seu fogar nin estea ao seu cargo.
- Os contratos de traballo realizados coas persoas socias ou administradoras da entidade solicitante da axuda.
- As contratacións indefinidas iniciais que se realicen con persoas traballadoras que nos 6 meses anteriores á data da contratación prestasen servizos na mesma empresa ou grupo de empresas mediante un contrato de carácter indefinido, ou nos últimos 3 meses, mediante un contrato de carácter temporal.

- As contratacións que se realicen con persoas traballadoras polas que a mesma empresa ou grupo de empresas obtivese axudas ao abeiro deste procedemento: TR342C.

## Obrigas

Entre outras, establécese a obriga de manter no seu cadro de persoal a persoa traballadora obxecto de subvención durante un período mínimo de **trinta e seis (36) meses** contados desde a data de realización da contratación, do incremento de xornada, da duración anual do contrato fixo-descontinuo ou da adaptación de postos.

As persoas ou entidades beneficiarias da subvención pola adaptación de postos de traballo deberán manter o destino dos bens subvencionados polo mesmo tempo que estean obrigados a manter o posto de traballo a cuxa adaptación aqueles bens serven, que non será inferior ao período mínimo do ben subvencionado.

## Réxime de *minimis*

Estas axudas ampáranse, segundo o sector a que pertencen as persoas empregadoras e empresas beneficiarias e o ámbito da súa actividade, no Regulamento das **axudas de *minimis***.

## Presentación de solicitudes

O prazo xeral para a presentación das solicitudes das axudas establecidas nesta orde comezará ás **9.00 horas do 17 de febreiro de 2026, e rematará ás 20.00 horas do 30 de setembro de 2026.**